

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27013314	IES Santiago Basanta Silva	Vilalba	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	3º ESO	3	105

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	23
4.2. Materiais e recursos didácticos	24
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	25
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	25
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	27
6. Medidas de atención á diversidade	28
7.1. Concreción dos elementos transversais	30
7.2. Actividades complementarias	31
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	31
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	32
9. Outros apartados	34

1. Introducción

O IES Santiago Basanta Silva está na vila de Vilalba, capital da comarca da Terra Chá.

Os alumnos e alumnas do centro proceden principalmente do propio concello e dos concellos limítrofes, todos de carácter rural. Este alumnado cursou maioritariamente os estudos de ensinanza primaria nos centros adscritos. A súa formación é xeralmente axeitada, aínda que se perciben algunhas carencias específicas de base académica, especialmente en materias fundamentais como as linguas e as matemáticas, tamén se producen algúns casos de problemas de conduta e dificultades de convivencia e incorpórase habitualmente alumnado de educación especial con necesidade de adaptacións curriculares, reforzos e apoio educativo.

A lingua de comunicación do alumnado, en coherencia co contorno rural no que viven, é o galego.

Este curso académico en 3ºESO hai un total de 109 alumnos/as, deles, 9 forman parte do Proxecto de Diverficação Curricular.

A educación lingüística e literaria constitúe un factor clave para o desenvolvemento da persoa nos aspectos intelectuais, afectivos e sociais, este é o obxectivo fundamental desta programación, xunto co de normalizar e asentar galego falantes.

A materia de Lingua Galega e Literatura ten como finalidade o desenvolvemento da competencia comunicativa, achegando os coñecementos e os procedementos necesarios para interactuar satisfactoriamente en diferentes ámbitos sociais. Estes saberes refírense aos principios e ás normas sociais que presiden os intercambios comunicativos, ás formas convencionais que presentan os textos na nosa cultura, aos procedementos que articulan as partes dun texto nun conxunto cohesionado, ás regras léxico-sintácticas que permiten a construción de enunciados con sentido e gramaticalmente aceptables ou ás normas ortográficas.

Os contidos da materia de Lingua Galega e Literatura para 3ºESO non difiren moito dos de cursos anteriores, a principal diferenza é a introdución do estudo da historia da lingua e da literatura.

Os criterios de avaliación e os contidos distribúense en catro bloques.

O primeiro bloque, «As linguas e os seus falantes» recolle diferentes aspectos sociolingüísticos, facendo fincapé na diversidade lingüística e no desenvolvemento dunha actitude de respecto e aprecio pola lingua, carente de prexuízos de índole idiomática.

O segundo bloque, «Comunicación» abarca os saberes implicados na comunicación oral e escrita e a alfabetización informacional e mediática.

O terceiro bloque, «Educación literaria» procura consolidar o hábito lector do alumnado, incrementar a súa capacidade para interpretar textos literarios e realizar un achegamento ao contexto histórico-cultural comprendido entre a Idade Media e a literatura, «Antre dous séculos».

O último bloque, «Reflexión sobre a lingua», pretende acometer a aprendizaxe sistemática da gramática a través de procesos de indagación.

Amais dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas doutras linguas como o catalán e o portugués. A este último prestarémoslle unha atención especial, en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais como acontece co galego e o portugués. Amais, a Lei Valentín Paz Andrade redunda nesta idea.

A proposta didáctica que se presenta para 3º de ESO desenvólvese en nove unidades didácticas. Estas unidades articúlanse segundo o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

A escolla das obras de lectura obrigatoria para o curso faise tendo presentes os criterios de inclusión de obras representativas da literatura galega; obras de autores/as destacados de diferentes épocas e con diferentes temáticas que poidan resultar atractivas para o alumnado e obras de diferentes xéneros literarios.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística da Península Ibérica e do mundo, analizar a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e as características dialectais do galego para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuizos, valorar a diversidade e crear vínculos socioafectivos coa lingua galega.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma, avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social e cultural da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatória e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Na procura dos soños	Na unidade 1 iniciamos o curso coa avaliación inicial. Analizamos a realidade lingüística no mundo pois as linguas son medios de comunicación oral que reflicten a realidade social do pobo que as fala e a lingua escrita é o principal sistema substitutivo da oralidade. Como exemplo usaremos a lingua galego- portuguesa medieval no seu devir histórico e literario a través das cantigas profanas (amigo e amor). Nun cadro cronolóxico mostraremos, a evolución, facendo fincapé na relación co portugués e na riqueza cultural e patrimonial que isto supón. Estudaremos o texto e as súas propiedades, así como os trazos da exposición oral. O alumnado investigará sobre unha temática determinada e fará unha proba oral. Presentaremos a obra de lectura obrigatoria do trimestre e as indicacións para a súa lectura e avaliación. Para a avaliación utilizaremos a observación na aula, a proba oral, a proba de lectura e unha proba escrita, que se farán de forma conxunta coas unidades 2 e 3.	10	12	X		
2	Romper barreiras	A partir da lectura inicial da unidade realizaremos unha análise crítica das desigualdades laborais entre homes e mulleres e da explotación laboral dos menores. Afondaremos no estudo do substantivo para axudarnos a contar da realidade que nos rodea e coñeceremos a realidade social da época medieval a través das cantigas de escarnio e maldicir. Indagaremos no galego como lingua románica, nas súas orixes e na súa evolución ata os nosos días. Para a avaliación desta unidade utilizaremos a observación na aula, unha proba oral e unha proba escrita, que se farán de forma conxunta coas unidades 1 e 3.	10	12	X		
3	SOS infancia	Iniciamos a unidade lembrando momentos felices da nosa infancia para despois, a través da lectura, ver algunha realidade máis que existe nesta etapa das nosas	10	11	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	SOS infancia	vidas. Reflexionamos sobre ela e describimos, de forma oral, o que sentimos. Imos coñecer a realidade lingüística da Península Ibérica e concluiremos co estudo da literatura medieval achegándonos á lírica relixiosa das Cantigas de Santa María e á prosa. Para a avaliación desta unidade utilizaremos a observación na aula (10% do total da nota de avaliación), unha proba oral (10% do total da nota de avaliación que se recollerá a partir dunha rúbrica) e unha proba escrita (60% do total da nota de avaliación), que se farán de forma conxunta coas unidades 1 e 2.	10	11	X		
4	Diáspora	A través do diálogo da lectura inicial da unidade estudaremos o texto dialogado e achegarémonos a como foi a situación durante a guerra e inmediata posguerra en Galicia. O estudo do léxico relacionado co medo combinarémolo co estudo do adxectivo, así mesmo, seguiremos repasando os signos de puntuación. Rematado o percorrido pola época de esplendor da nosa literatura internarémonos agora no estudo da lingua e a literatura durante os SSEE. Presentaremos a obra de lectura obrigatoria para este trimestre e daremos as indicación para a súa lectura e avaliación (20% da nota total de avaliación). Para a avaliación utilizaremos a observación na aula, unha proba oral e unha proba escrita, que se farán de forma conxunta coas unidades 5 e 6.	10	11		X	
5	Amigos incondicionais	A través dun texto expositivo sobre os beneficios de compartir as nosas vidas con animais veremos este tipo de textos e o léxico relacionado co mundo animal. No estudo gramatical centrarémonos nos determinantes. Como xa dixemos na primeira unidade do curso buscamos un enfoque centrado no estudo da lingua como un patrimonio común e seguimos coa aproximación ao portugués e aos países lusófonos. Entramos na literatura do Rexurdimento da man de Rosalía de Castro, da que lermos e analizaremos parte do legado literario e cultural, como xa dixemos na unidade 4. Para a avaliación utilizaremos a	15	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Amigos incondicionais	observación na aula, unha proba oral e unha proba escrita, que se farán de forma conxunta coas unidades 4 e 6.	15	12		X	
6	Igualdade de xénero	Coa unidade 6, estudaremos o texto argumentativo a partir da lectura inicial, que nos servirá para reflexionar e realizar unha análise crítica daquilo que lemos. Esta relación levaranos a descubrir o noso autor cívico por excelencia, Manuel Curros Enríquez, que creu na función social da poesía, o mesmo ca Rosalía. Veremos agora as variedades da lingua galega; o léxico relacionado coa saúde e as doenzas e os neoloxismos; o pronome, no ámbito gramatical e continuaremos co repaso ortográfico. Para a avaliación desta unidade utilizaremos a observación na aula (10% do total da nota de avaliación), unha proba oral (10% do total da nota de avaliación que se recollerá a partir dunha rúbrica) e unha proba escrita (60% do total da nota de avaliación), que se farán de forma conxunta coas unidades 4 e 5.	15	12		X	
7	Luces... Cámara... Acción!	Iniciamos nesta unidade unha aproximación ao texto xornalístico a través dunha entrevista a unha persoa do mundo do cine e da televisión, polo que tamén traballamos o léxico dese ámbito. O estudo gramatical centrarase no verbo, mentres a sociolingüística o fará na lingua estándar e nos desvíos da norma. Coñeceremos a Eduardo Pondal, o autor do poema que deu lugar ao himno galego e achegarémonos á súa obra. Presentaremos a obra de lectura obrigatoria para este trimestre e daremos as indicacións para a súa lectura e avaliación (20% da nota total de avaliación). Para a avaliación utilizaremos a observación na aula, unha proba oral e unha proba escrita, que se farán de forma conxunta coas unidades 8 e 9.	10	12			X
8	Especies invasoras	Seguimos coñecendo os textos xornalísticos, desta volta a reportaxe e con ela o léxico relacionado coa natureza, así como, os cambios semánticos. Rematamos o estudos das diferentes categorías gramaticais repasando os adverbios, as preposicións e as conxuncións.	10	12			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
8	Especies invasoras	A reflexión sociolingüística lévanos a prestar atención aos estereotipos e aos prexuízos lingüísticos . Amais das manifestacións poéticas, durante o século XIX tamén hai obras de narrativa culta e popular- oral, será deste tipo de literatura da que nos ocupemos nesta unidade e na seguinte. Para a avaliación utilizaremos a observación na aula, unha proba oral e unha proba escrita, que se farán de forma conxunta coas unidades 7 e 9.	10	12			X
9	Filtrando a publicidade	A publicidade está moi presente na vida cotiá e, en moitas ocasións, exerce unha influencia negativa en quen a recibe, por iso nesta unidade reflexionaremos sobre as mensaxes que recibimos a través dos medios de comunicación e sobre os eufemismos e disfemismos relacionados con ela. Tamén estudaremos as características dos textos publicitarios e os seus trazos lingüísticos. Introduciremonos no estudo da sintaxe. En lingua e sociedade abordaremos o plurilingüismo e a normalización lingüística. Coñeceremos contos, lendas, adiviñas e outras mostras literarias da nosa cultura popular. Para a avaliación desta unidade utilizaremos a observación na aula (10% do total da nota de avaliación), unha proba oral (10% do total da nota de avaliación que se recollerá a partir dunha rúbrica) e unha proba escrita (60% do total da nota de avaliación), que se farán de forma conxunta coas unidades 7 e 8.	10	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Na procura dos soños	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación sobre o desenvolvemento histórico do galego e do portugués, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando algúns dos seus trazos morfolóxicos máis salientables e ampliando o repertorio léxico básico en lingua portuguesa.	O alumnado, como mínimo, sabe explicar a historia da nosa lingua, a parte diferencial da historia da lingua portuguesa, identifica en textos as diferenzas entre ambas linguas e coñece léxico básico portugués.	PE	80
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	O alumnado, como mínimo, redacta textos coherentes, cohesionados e adecuados á situación comunicativa.		
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	O alumnado, como mínimo, identifica as características básicas de textos de diferente tipo, intención, estrutura...e interpreta o sentido global deses textos.		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	O alumnado, como mínimo, relaciona o sentido da obra lida coa súa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	TI	20
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc.).	O alumnado, como mínimo, identifica nun texto as diferentes unidades lingüísticas e as funcións que as constitúen.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Análise da propia biografía e da diversidade lingüística do alumnado do centro e da localidade. - Desenvolvemento sociohistórico da lingua galega e portuguesa. - Desenvolvemento de nocións básicas de portugués. Semellanzas e diferenzas morfolóxicas entre o galego e o portugués. Ampliación do vocabulario de uso cotián. As relacións históricas e políticas entre Galicia e Portugal. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto). - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prese-

Contidos

- lección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conxuncións)

UD	Título da UD	Duración
2	Romper barreiras	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora, argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica, e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado, como mínimo, revisa o caderno e as tarefas en xeral, procurando mellorar aqueles aspectos lingüísticos que poden presentar problemas de comprensión.	PE	80
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	O alumnado, como mínimo, expresará os seus gustos, lerá, reflexionará e demostrará a comprensión de textos pertencentes á nosa literatura.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado, como mínimo, relaciona a obra de lectura con outras manifestacións artísticas e culturais en función dos temas, épocas, estruturas, tópicos...de forma clara e razoada.		
CA1.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	O alumnado realiza, como mínimo, unha tarefa de investigación sobre a temática literaria tratada na materia empregando diferentes formatos respectando os requisitos formais e de contido indicados previamente.	TI	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado, como mínimo, expón oralmente a investigación utilizando o rexistro culto, con fluidez, coherencia e cohesión, con uso correcto dos elementos non verbais e con contido apropiado e de interese.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado, como mínimo, revisa as tarefas en xeral, así como os textos propios para entregalos sen erros ou co menor número de erros posibles.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Elaboración de traballos de investigación relacionados coa diversidade lingüística. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que implican controversia co interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde e a reprobación). - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audien-cia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prese-lección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector. - Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropriación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e move-mentos artísticos. - Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incor-poración progresiva da metalinguaxe específica. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropia-ción e oralización implicados. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. A coordinación. - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
3	SOS infancia	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado, como mínimo, relaciona satisfactoriamente textos de diferentes tipos (cantigas, prosa...) coa literatura da época á que corresponden.	PE	80
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado, como mínimo, relaciona distintos textos con outras manifestacións artísticas e culturais, tendo en conta a temática, a estrutura, a finalidade...que teñen estas manifestacións.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc.).	O alumnado, como mínimo, identifica e utiliza de forma adecuada o sistema fonético- fonolóxico e as diferentes unidades gramaticais, e fai un uso ortográfico e gramatical correcto desas unidades.		
CA1.2 - Valorar a lingua catalá, analizando as súas características máis básicas para coñecer e comprender a realidade lingüística de España.	O alumnado, como mínimo, identifica as características máis básicas dun texto en catalán.	TI	20
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	O alumnado, como mínimo, elabora textos escritos planificados sobre diferentes temática tendo en conta o proceso comunicativo e a gramática textual (coherencia, cohesión, adecuación e corrección ortográfica).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Valoración e comprensión das principais características do catalán e das súas variantes. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha pre-selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.

Contidos

- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e lingua-xes. Elementos de continuidade e d
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conxio

UD	Título da UD	Duración
4	Diáspora	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado, como mínimo, utiliza diferentes mecanismos lingüísticos para realizar e corrixir tarefas relacionadas coas diferentes categorías gramaticais (substantivo, adxectivo...).	PE	80
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado, como mínimo, redacta e revisa os seus textos tanto lingüística como literariamente de maneira que neles non se detecten erros debidos á falta da revisión apropiada.		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado, como mínimo, elabora textos literarios breves, de diferentes xéneros, relacionándoos cos contidos estudados e cos seus intereses.	TI	20
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	O alumnado, como mínimo, realiza buscas no dicionario da lingua dunha maneira correcta para responder a necesidades lingüísticas concretas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Es-coita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.
- Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, cali-dade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e trans-formación en coñecemento; comunica
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consul-ta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha prese-lección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmar-cando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das pala-bras, compoñentes das oracións ou conexió
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
5	Amigos incondicionais	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	O alumnado, como mínimo, expresará os seus gustos, lerá, reflexionará e demostrará a comprensión de textos pertencentes á nosa literatura.	PE	80
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	O alumnado, como mínimo, relaciona o sentido da obra lida coa súa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado, como mínimo, relaciona distintos textos con outras manifestacións artísticas e culturais, tendo en conta a temática, a estrutura, a finalidade...que teñen estas manifestacións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado, como mínimo, redacta e revisa os seus textos tanto lingüística como literariamente de maneira que neles non se detecten erros debidos á falta da revisión apropiada.		
CA1.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	O alumnado realiza, como mínimo, unha tarefa de investigación sobre a temática literaria tratada na materia empregando diferentes formatos respectando os requisitos formais e de contido indicados previamente.	TI	20
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado, como mínimo, expón oralmente a investigación utilizando o rexistro culto, con fluidez, coherencia e cohesión, con uso correcto dos elementos non verbais e con contido apropiado e de interese.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Elaboración de traballos de investigación relacionados coa diversidade lingüística. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás expositivas. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audien-cia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación e uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora. - Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e move-mentos artísticos. - Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incor-poración progresiva da metalinguaxe específica.

Contidos

- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
6	Igualdade de xénero	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	O alumnado, como mínimo, redacta textos coherentes, cohesionados e adecuados á situación comunicativa.	PE	80
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado, como mínimo, relaciona satisfactoriamente textos de diferentes autores (Rosalía de Castro, Curros...) coa literatura da época á que corresponden.		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	O alumnado, como mínimo, explica de forma razoada e argumentada a intención comunicativa que presentan diferentes textos do ámbito literario correspondentes principalmente á época do Rexurdimento.		
CA2.10 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos, tanto no ámbito persoal como no educativo e no social.	O alumnado, como mínimo, demostra que sabe utilizar de maneira adecuada estratexias na resolución dialogada de conflitos de maneira espontánea.	TI	20
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	O alumnado, como mínimo, relaciona o sentido da obra lida coa súa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos

- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo (explicación, exposición...).
- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e riscos de desinformación, noticias falsas, manipulación e vulneración da privacidade na rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos. A aposición.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.

UD	Título da UD	Duración
7	Luces... Cámara... Acción!	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, comprende e analiza o contido de textos de diferente procedencia (medios de comunicación, literatura...) de forma que avalía a fiabilidade e o uso dos diferentes procedementos lingüísticos na elaboración deses textos satisfactoriamente.	PE	80
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc.).	O alumnado, como mínimo, identifica e utiliza de forma adecuada o sistema fonético-fonolóxico e as diferentes unidades gramaticais, e fai un uso ortográfico e gramatical correcto desas unidades.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado, como mínimo, entende o sentido de diferentes textos e é capaz de discordar, contraponer ideas, queixarse... de maneira empática e construtiva.	TI	20
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	O alumnado, como mínimo, valora de forma crítica tanto o sentido coma a intencionalidade de textos procedentes dos medios de comunicación (noticias, reportaxes...).		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	O alumnado, como mínimo, elabora textos onde reflexiona de maneira coherente sobre as posibles manipulacións nas canles de transmisión de información (redes sociais, medios de comunicación...).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Uso coherente das formas verbais nos textos. Recoñecemento e utilización do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo. Contextos de uso. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora. - Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias. - Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conxio)

UD	Título da UD	Duración
8	Especies invasoras	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística a partir da análise da diversidade lingüística do centro escolar e da contorna social próxima, e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas.	O alumnado, como mínimo, analiza, identifica e cuestiona, en textos procedentes de diferentes ámbitos (literario, redes sociais, medios de comunicación....), os estereotipos e prexuízos lingüísticos, mantendo unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística propia.	PE	80
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado, como mínimo, analiza en textos procedentes de diferentes ámbitos (literario, redes sociais, medios de comunicación....) os usos discriminatorios e manipuladores que aparecen, tanto na forma coma no contido.		
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	O alumnado, como mínimo, expresará os seus gustos, lerá, reflexionará e demostrará a comprensión de textos pertencentes á nosa literatura.		
CA1.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	O alumnado realiza, como mínimo, unha tarefa de investigación sobre auncha temática proposta na aula a partir materia desenvolva, empregando diferentes formatos e respectando os requisitos formais e de contido indicados previamente.	TI	20
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado, como mínimo, expón oralmente a investigación utilizando o rexistro culto, con fluidez, coherencia e cohesión, con uso correcto dos elementos non verbais e con contido apropiado e de interese.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos e interferencias. - Elaboración de traballos de investigación relacionados coa diversidade lingüística.

Contidos

- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto.
- Producción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.
- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.

UD	Título da UD	Duración
9	Filtrando a publicidade	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado, como mínimo, elabora textos escritos planificados sobre diferentes temática tendo en conta o proceso comunicativo e a gramática textual (coherencia, cohesión, adecuación e corrección ortográfica).	PE	80
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado, como mínimo, identifica, interpreta, analiza e relaciona satisfactoriamente textos da época do Rexurdimento e dos principais autores dela (Rosalía de Castro, Curros, Pondal).		
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	O alumnado, como mínimo, explica de forma razoada e argumentada a intención comunicativa que presentan diferentes textos do ámbito literario (poesía, teatro, narrativa) correspondentes á época do Rexurdimento.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	O alumnado, como mínimo, redacta textos coherentes, cohesionados e adecuados á situación comunicativa.	TI	20
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado, como mínimo, elabora textos literarios breves, de diferentes xéneros, relacionándoos cos contidos estudados e cos seus intereses.		
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	O alumnado, como mínimo, realiza buscas no dicionario da lingua dunha maneira correcta para responder a necesidades lingüísticas concretas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que implican controversia co interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde e a reprobación). - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación e uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d - Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Relación entre os esquemas semántico e sintáctico das oracións coordinadas. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Ao inicio de cada unidade e de cada contido novo, faremos unha sondaxe sobre os coñecementos previos do noso alumnado para ter unha idea de onde partimos e tratar de establecer relacións entre o que xa se sabe e o que trataremos de ensinar para que vaian adquirindo de forma progresiva os novos contidos e conseguir unha aprendizaxe proveitosa, significativa e construtiva, que lle permita aprender na aula e tamén por si mesmo, no seu día a día.

LIÑAS METODOLÓXICAS:

Na materia de Lingua Galega e Literatura o obxectivo principal é a mellora da competencia comunicativa na nosa lingua en todos os ámbitos e niveis de uso, tanto escritos coma orais. No noso IES, cun alumnado maioritariamente galego falante, a oralidade é unha parcela que lles resulta relativamente doada, mais que debemos tratar de puír e fortalecer para normalizar o seu uso naqueles ámbitos aos que aínda hoxe é relativamente custoso chegar, por iso, a metodoloxía tratará de ser o máis activa posible e alternará as tarefas individuais co traballo colaborativo que mellore os vínculos entre iguais e favoreza a aprendizaxe e as relacións na aula, tendo sempre presente o ensino por competencias e procurando que todo o alumnado adquira os coñecementos básicos.

LIÑAS DE ACTUACIÓN NO PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE:

- Cada persoa ten o seu ritmo de aprendizaxe polo que debemos favorecer a capacidade de aprender por un mesmo e contribuír a formar alumnado competente, que sexa quen de ir de contidos e conceptos sinxelos a outros máis complexos, utilizando recursos e coñecementos adquiridos que lle permitan resolver situacións comunicativas máis ou menos complexas e responder de forma positiva ás distintas circunstancias que se presentan no día a día.

- Unha aprendizaxe significativa parte do que xa sabemos e vaise ampliando cos novos saberes que imos adquirindo, por iso, debemos partir das vivencias particulares, reforzándoas e procurando a asuncións de responsabilidades, o respecto polas normas, o seu compromiso co desenvolvemento sostible, cos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática. Para iso botaremos man da análise de distinta tipoloxía textual e de diferentes medios como a análise do sexismo en cancións, na publicidade, en películas...para tratar de despertar interese do alumnado e o seu espírito crítico.

- De forma habitual, nas aulas traballaremos para fomentar a cooperación entre iguais, partindo do respecto polo traballo dos demais, a empatía e a capacidade de dialogar para chegar a acordos, sendo críticos e á vez respectuosos con puntos de vista diferentes aos propios e colaborando de forma activa para, entre todos, chegar a acordos e medrar como persoas e tamén nos coñecementos sobre a materia. Isto contribuír á reforzar a autoestima, a autonomía e a responsabilidade do noso alumnado. Este método de traballo tamén axudará a detectar dificultades de aprendizaxe polo que, de ser necesario, utilizaranse mecanismos de reforzo, para atallar esas necesidades; ou mecanismos de ampliación, de ser o caso.

- A adquisición dunha boa comprensión oral e lectora, así como dunha expresión oral e escrita, procurarase a través da elaboración de diferentes tipos de textos; da análise e estudo deses tipos de textos entre iguais; da lectura de distintos tipos de textos en diferentes soportes e de diferentes temáticas e intereses, coa finalidade de fomentar no alumnado a curiosidade, a creatividade, o gusto por coñecer diferentes ámbitos de estudo e saber (científico, tecnolóxico...). Neste tipo de tarefas, individuais e/ou grupais, a interacción oral e escrita traballarase con situacións comunicativas nas que se expresen, ben de forma espontánea, ben con exposicións orais planificadas, apoiadas en diferentes soportes, a través dos que se fomentará o desenvolvemento da competencia dixital en lingua galega (uso de distintos recursos dixitais: procesadores de textos, dicionarios, aplicacións...).

- A énfase na atención á diversidade, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en practica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades ou de tarefas de ampliación para aquel alumado que precise afondar máis nos contidos.

- A potenciación da reflexión interlingüística, centrada especialmente na lingua galega e portuguesa. Buscamos a intercomunicación nos dous idiomas con actividades que favorezan a adquisición doutras habilidades que lles poden

resultar moi útiles na futura traxectoria profesional da mocidade galega.

-O traballo interdisciplinario e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co equipo de dinamización da lingua galega e o equipo de biblioteca como mellor vía para promover actuacións tanto de xeito presencial como virtual: saídas didácticas, exposicións, espectáculos...

-A proposta de lectura de obras que, alén de ampliar os ámbitos de coñecemento do alumnado e de melloraren o seu nivel de capacidade verbal, promovan a defensa de valores socioculturais e éticos (dereitos humanos, conciencia ambiental, benestar animal...).

-A recomendación de lecturas en soportes variados, enmarcando as obras nos xéneros literarios e evitando a memorización descontextualizada dun conxunto de características, autores e títulos de obras.

-O cultivo da sensibilidade estética e cultural do alumnado para que sexa quen de apreciar a beleza das obras literarias e para fomentar o enriquecemento do seu acervo cultural e das súas posibilidades de expresión, a través, por exemplo, da realización de exposicións, comentarios, adaptacións audiovisuais de relatos etc.

-O desenvolvemento da competencia dixital en lingua galega a través das TIC e o coñecemento de recursos dixitais que faciliten a procura de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre respectando os dereitos da propiedade intelectual.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Caderno Lingua e Literatura. 3ESO. Obradoiro, Editorial Santillana
Historia da Literatura Galega. AS-PG (http://literaturagalega.as-pg.gal/)
Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, 2003 (edición revisada) RAG/ILG
Cantigas medievais galego portuguesas (https://cantigas.fcsh.unl.pt/)
Dicionario dixital O portal das palabras (https://portaldaspalabras.gal/)
Dicionario da Real Academia Galega (http://www.realacademiagalega.org/dicionario#inicio.do)
Díaz Núñez, Celia (2012), Cadernos de lingua, morfosintaxe, Editorial Anaya
Díaz Núñez, Celia (2011), Cadernos de lingua, ortografía, Editorial Anaya
CORTEGAL, Corpus de textos escritos por estudantes en galego (http://ilg.usc.gal/cortegal/)

Neste curso académico o alumnado traballará con E-Dixgal e, a maiores, farán uso do caderno Lingua e Literatura 3ESO. Obradoiro da Editorial Santillana. Este último ten como obxectivo que o alumando traballe as expresión e comprensión escrita. Tamén servirá de reforzo, xa que o alumnado realizará diversas actividades relacionadas cos contidos de E-Dixgal.

Tanto as aulas como a biblioteca do centro son os lugares en que o alumnado ten ao seu alcance a maioría dos recursos e materiais que se usarán ao longo do curso. A biblioteca ofrece, ademais, obras de lectura, libros de texto, mapas, revistas, xornais e recursos dixitais para consultar información, realizar traballos de investigación etc. Tendo isto presente, o alumnado poderá facer uso do carné de biblioteca e levar en préstamo os libros de lectura obrigatoria para este curso académico, consultar información para realizar traballos de investigación e ampliación de contidos... Recóllese tamén, tal como se especifica no artigo 78 da Orde do 8 de setembro de 2021, a necesidade de materiais axeitados para a atención á diversidade. O centro dispón dunha equipación adecuada para todo o alumnado, mesmo para aquel que teña dificultades de accesibilidade ás súas instalacións (cadeiras de rodas, elevadores, escada

rolante, muletas etc.). No caso de se precisar outros materiais complementarios adaptados a este tipo de alumnado, serán solicitados á Consellería a través dos informes correspondentes.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial ten como finalidade diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso.

A información obtida nesta avaliación inicial, xunto coa que nos proporcione o Departamento de Orientación e a consulta do expediente académico do alumnado no XADE, será unha ferramenta esencial para que poderemos coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, e así poderemos adaptar o proceso de ensinanza e proposta didáctica.

A avaliación inicial é unha ferramenta importante para coñecer o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

Os resultados da avaliación axudarán a tomar decisións no ámbito educativo, como solicitar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	15	15	10
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20	20

Unidade didáctica	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	100
Proba escrita	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20

Criterios de cualificación:

Coa vontade de desenvolver un proceso de ensinanza-aprendizaxe competencial nesta programación apostouse por unha didáctica que lle dese importancia ao desenvolvemento de traballos e de actividades centradas na utilización da lingua.

No Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, no artigo 12 establécese: "Nas clases de lingua e literatura galega e lingua e literatura castelá, usarase, respectivamente, o galego e o castelán, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado". O incumprimento deste artigo no desenvolvemento das sesións de clase provocará un suspenso na materia en tanto que demostra falta de coñecemento ou respecto pola utilización da nosa lingua, que é o núcleo da propia materia. Seguindo o decreto, o alumnado deberá falar e escribir en galego nas súas probas e, de non facelo, a proba en cuestión será cualificada con

0 puntos. Entenderase que unha proba está noutra lingua e non en galego cando o nivel de incorreccións supere o dobre do permitido.

Por tanto, o alumnado desenvolverá todas as actividades e probas en lingua galega. No caso das probas de avaliación escritas, ademais dos criterios de cualificación específicos de cada proba, aplicarase unha penalización de nota por incorreccións lingüísticas (0,05) que neste curso non superará os 1,5 puntos de rebaixa.

Por último, cómpre ter en conta dúas cuestións. Por un lado, que o uso de calquera clase de medio fraudulento (incluídos móbiles, reloxos intelixentes e auriculares espía) na realización de probas e actividades implicará a obtención automática dun cero (0) como cualificación na avaliación de referencia, sexa esta ordinaria, final ou extraordinaria, dado que este feito indica un descoñecemento da materia. Por outro lado, que a entrega e a exposición de traballos e a realización das probas escritas non se aceptarán fóra do prazo establecido, a non ser que o alumno/a en cuestión o xustifique seguindo as pautas que establecen as NOF do centro. Neste caso, poderá realizar as probas escritas ou os traballos nunha nova data, previo acordo coa profesora.

Cualificación trimestral

Na presente programación non existe ningún criterio de avaliación nin actividade na que a non superación impida que o alumnado supere a materia.

A nota de cada avaliación será o resultado da suma dos seguintes apartados:

- 60 % corresponde á proba escrita: realizaranse unha ou dúas probas escritas por trimestre sobre os criterios asociados ós contidos da Unidade Didáctica (UD) correspondente. Nestas probas tamén se aplicará unha penalización de nota por incorreccións lingüísticas que poderá supór un máximo de 1,5 puntos da nota final do exame.

- 20 % corresponde ó libro de lectura: realizarase unha proba escrita en que se avalíen os contidos conceptuais do libro de lectura. Haberá tres lecturas obrigatorias por trimestre. Son as seguintes: Corazón de Xúpiter de Leticia Costas, Os nenos da varíaola de María Solar e A cabeza de Medusa de Marilar Aleixandre. Con todo, pode haber algún cambio debido ás novidades editoriais que poidan xurdir, así como poderá haber un reparto diferente das obras por trimestre en cada grupo. O obxectivo desta alteración da orde é que o alumnado dispoña de máis exemplares da Biblioteca do centro.

- 20% corresponde ó traballo e á oralidade: aquí valorarase a realización de actividades marcadas polo profesorado no caderno de Santillana e/ou traballo diario e participación do alumnado, que se valorará a través do rexistro e a observación. Tamén se valorará a realización de traballos de investigación e a súa conseguinte exposición oral, que serán avaliadas a través de rúbricas.

Así pois, a cualificación de cada trimestre corresponderase coa cualificación das actividades de avaliación das unidades didácticas abrangidas nel aplicando a ponderación de nota correspondente entre elas (calcularase a partir das porcentaxes anteriores). Á hora de valorar o alumnado traballaremos con indicadores de logro, que, posteriormente, transformaremos en notas numéricas, das cales o/a alumno/a deberá ter unha cualificación de 5 puntos ou máis para superar a materia na súa totalidade. Por regra xeral, non haberá probas de recuperación trimestral e os contidos de lingua entrarán en todas as avaliacións, entendendo que en lingua debe prevalecer a avaliación continua. O alumnado terá que amosar ter adquirido todos os coñecementos referidos aos contidos mínimos, recollidos nesta programación.

Cualificación ordinaria final

Dado que a aprendizaxe desta materia é progresiva e transversal, para o cálculo da avaliación final ordinaria do curso o alumnado deberá obter 15 puntos, despois de sumar as notas que levou nas tres avaliacións, para así obter un 5 de nota media. Na cualificación final influirán tamén a actitude de traballo, as lecturas e a entrega dos traballos realizados. En caso de non ser así, deberá recuperar a avaliación ou avaliacións suspensas.

Criterios de recuperación:

O período abranguido entre a terceira avaliación ordinaria e a avaliación extraordinaria dedicarase a actividades de apoio, reforzo, consolidación, e non se impartirán novas unidades didácticas. Nese sentido, para o alumnado que teña contidos da materia sen superar logo de realizada a terceira avaliación ordinaria, a/o docente de Lingua Galega e Literatura realizará un breve informe de avaliación individualizado concretándolle que é o que necesita recuperar.

Especificacións para os mecanismos e criterios de recuperación:

Todo aquel alumnado que non aprobe a materia por non ter acadado os 15 puntos sumando as notas das tres avaliacións, e polo tanto non ter obtido un 5 de nota media, deberá facer unha proba escrita das partes non superadas, esixíndoselle uns obxectivos mínimos, que lle serán comunicados ó alumnado co propósito de facilitarlle a promoción a 4º ESO. A acreditación destes "mínimos de consecución" terá un peso relevante á hora de decidir sobre a promoción de curso.

O alumno/a que non supere a materia despois da avaliación final do período ordinario, terá dereito a realizar unha proba extraordinaria nas datas determinadas pola Consellería e de acordo co calendario e horario establecido polo

centro.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Os mecanismos de recuperación do alumnado que teña pendente a materia de Lingua Galega e Literatura de 2.º de ESO aparecen especificados na programación de 2.º de ESO. Por tanto, neste apartado farase referencia ós mecanismos de recuperación do alumnado que promocionase a 4.º de ESO pero que teña pendente a materia de Lingua Galega e Literatura de 3.º de ESO.

Segundo o artigo 13.5. da Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia: «Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias pendentes, se for o caso. A derradeira destas tres sesións poderá coincidir coa avaliación final do período ordinario. Haberá, así mesmo, unha sesión de avaliación logo da realización das probas extraordinarias. As avaliacións finais ordinaria e extraordinaria realizaranse nas datas que se determinen na norma que estableza o calendario escolar para cada curso».

En primeiro lugar, seguirase o disposto no Artigo 51. da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación que alude ao Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar e que dita o seguinte:

1. O alumnado de educación secundaria obrigatoria que se promova de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias, destinado á súa recuperación e á súa superación.
2. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teña pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado tutor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.
3. O plan de reforzo debe incluír, cando menos:
 - a) Identificación da alumna ou do alumno.
 - b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
 - c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
 - d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento. As estratexias serán distintas ás empregadas habitualmente na aula co resto do alumnado debido á falta de presencialidade na aula.
 - e) Tarefas para realizar, coa debida temporalización. O alumnado deberá realizar un caderno de actividades que lle servirán para repasar a materia pendente.
 - f) Seguimento e avaliación. O seguimento deste tipo de alumnado establecerase a través de actividades, traballos, probas e reunións virtuais ou presenciais de periodicidade mensual na hora de atención ao alumnado e ás familias. Poderanse utilizar medios telemáticos (aula virtual, programas específicos, ABALAR e outros medios dixitais).
 - h) Acreditación da información á familia. Farase mediante un modelo existente no centro en que conste toda a información a respecto da avaliación e dos resultados do alumno que, unha vez asinado pola nai, pai ou titores legais, será remitido ao departamento.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, se for necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirá sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

O alumnado que curse 4.º de ESO e teña pendente Lingua Galega e Literatura de 3.º deberá seguir o seguinte procedemento de recuperación:

- Probas de recuperación: o alumnado deberá realizar tres probas escritas (nas datas que marque o centro) sobre os criterios de avaliación asociados ós contidos que se establecen no currículo deste etapa educativa. Se o alumnado non se presenta á primeira proba ou non a supera, deberá presentarse á seguinte, que abranguerá a totalidade dos criterios asociados ós contidos. O obxectivo é contribuír a que o alumnado acade as competencias que figuran no perfil de saída. Isto é, a pedra angular de todo o currículo, indispensable para o desenvolvemento persoal do alumnado e para lograr a continuidade do seu itinerario formativo e a súa inserción e participación activa na

sociedade.

- Boletíns de seguimento: o alumnado deberá entregar boletíns de exercicios relacionados cos contidos da materia. Estes boletíns permitirán comprobar o progreso do alumno/a no desenvolvemento das competencias clave.
- Criterios de cualificación: o 60 % corresponde coas probas escritas e o 40 % restante ós boletíns de exercicios. Para considerar a materia recuperada será necesario acadar unha nota mínima de 5 puntos na cualificación final resultante da media aritmética. Cómpre ter en conta que a superación da materia nun curso superior, significará o aprobado da materia suspensa no nivel inferior.

6. Medidas de atención á diversidade

As medidas de atención á diversidade son o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oríéntanse a alcanzar os obxectivos e as competencias establecidas para a ESO e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

Segundo o artigo 49 da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, as administracións educativas asegurarán os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastornos do desenvolvemento da linguaxe e a comunicación, por trastornos de atención ou de aprendizaxe, por descoñecemento grave da lingua de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, polas súas altas capacidades intelectuais, por terse incorporado tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan acadar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado».

A partir da avaliación inicial do alumnado, proporanse as correspondentes actuacións de seguimento e atención ao alumnado, tanto as medidas ordinarias como extraordinarias. Faranse actividades especificamente deseñadas para cada caso. Así, en concreto, o plan específico personalizado para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, obrigado polo artigo 52 da Orde do 8 setembro de 2021 de atención á diversidade incluírá os seguintes apartados:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) Se for o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, se for necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

Ao alumnado con TDHA aplicaráselle o Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario que se concreta nas seguintes actuacións:

O alumno con TDAH debe estar nunha aula con bo clima de traballo e, se for posible, na que non coincida con alumnado con problemáticas semellantes. Estará sentado cerca da mesa do profesorado e ao lado de compañeiras ou compañeiros que lle sirvan de modelo de tranquilidade, de orde e de axuda. Contará cunha axenda que o axudará na súa organización. Evitarase a proximidade a portas, xanelas, papeleiras e lugares de maior tránsito, así como estímulos sonoros ou visuais.

Tamén se tomarán outras medidas como:

- Alternar actividades teóricas con traballo práctico.
- Antes de empezar unha actividade, explicárase en que consiste de xeito claro e sinxelo, e asegurárase de que a entendeu todo o alumnado.
- Empregar estratexias para captar a atención inicial, como mudanzas de entoación, xesticulación e dramatización.
- Segmentar as actividades longas e limitar o número destas.
- Supervisar frecuentemente a realización, para reforzar positivamente ou para reconducir a execución ou as distraccións.
- Usar reforzos e apoios visuais na instrución oral.
- Combinar actividades máis estimulantes con outras menos motivadoras.
- Propor exercicios variados.
- Conseguir a colaboración dun compañeiro ou dunha compañeira para que o axude a comprender e a realizar as tarefas.
- Utilizar reforzos positivos para motivar.
- Non sobrecargar de tarefas para a casa.

En canto ás probas escritas e, co fin de as mellorar, será necesario:

- Fixar as datas dos exames con suficiente antelación.
- Traballar con mostras de formato de exames.
- Utilizar diferentes formas e instrumentos de avaliación.
- Acurtar os exames escritos e formular preguntas breves, pechadas, claras e con vocabulario sinxelo. Non se formularán preguntas que poidan resultar ambiguas ou que teñan unha dobre interpretación.
- Complementar os exames escritos de forma oral, cando se observa que están incompletos.
- Alternar a forma de presentación das cuestións que ten que responder o alumnado (de forma oral, escrita ou coas novas tecnoloxías).
- Pactar a fórmula máis idónea para realizar os exames (oralmente, de forma escrita ou utilizando o ordenador).
- Dar máis tempo para realizar as probas ou os exames escritos.
- Presentar escrito o texto dos exames, destacando en letra negra as partes máis importantes de cada cuestión e, no caso de preguntas complexas, diferenciando ben cada tarefa. Na medida do posible, utilizar un tipo de letra de maior tamaño.
- Deixar suficiente espazo entre as preguntas (dobre espazo e, preferiblemente, un exercicio por páxina), e supervisar a súa comprensión e execución durante o tempo no que se desenvolva o exame.
- Posibilitar que o alumnado poida recuperar, durante a avaliación, os exames suspensos.
- Pedir que revisen os traballos e os exames antes de entregalos.
- Supervisar que a/o alumna/o respondeu todas as cuestións antes de entregar o exame.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - a comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - a expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - a comunicación audiovisual		X			X		X	
ET.4 - a competencia dixital		X			X		X	
ET.5 - o emprendemento social e empresarial								X
ET.6 - o fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - a educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - a igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - a creatividade		X			X		X	

	UD 9
ET.1 - a comprensión lectora	X
ET.2 - a expresión oral e escrita	X
ET.3 - a comunicación audiovisual	X
ET.4 - a competencia dixital	X
ET.5 - o emprendemento social e empresarial	X
ET.6 - o fomento do espírito crítico e científico	X
ET.7 - a educación emocional e en valores	X
ET.8 - a igualdade de xénero	X
ET.9 - a creatividade	X

Observacións:

O Decreto do currículo de ESO establece que en todas as materias e, polo tanto, en Lingua Galega e Literatura de 3º de ESO, se traballarán os seguintes elementos transversais:

- a comprensión lectora
- a expresión oral e escrita
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o emprendemento social e empresarial
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade

Alén diso, pola peculiaridade da materia de Lingua Galega e Literatura, a comprensión lectora e a comunicación oral e escrita, ao formar parte do currículo, serán elementos tratados dunha ou doutra maneira en todas as unidades didácticas, polo que non aparecen singularizados en ningunha delas.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Conmemoracións	O alumnado participará en diversas actividades para conmemorar datas sinaladas: Samaín, o 25N, Entroido, Día de Rosalía, Día das Letras Galegas etc.	X	X	X
Perspectiva de xénero	O alumnado realizará traballos de investigación baseados no papel das mulleres en diferentes épocas: Idade Media e Século XIX.	X		X
Reflexión sobre a lingua	O alumnado realizará traballos de investigación baseados na orixe do galego, nos fenómenos de diglosia e prexuízos lingüísticos, así como outros en que a literatura se converte en medio de reivindicación do idioma.	X	X	X

Observacións:

Ao longo do curso este departamento didáctico colaborará asiduamente coas actividades desenvoltas pola biblioteca do centro e polo equipo de Dinamización Lingüística.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
9. Fíxose un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
10. Consegúronse adecuar as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa temporalización.
11. Mantívoase a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e niveis de desempeño mínimos.
12. Os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación utilizados foron os adecuados.
17. As probas de avaliación foron corrixiadas no prazo establecido, entregadas ao alumnado para analizalas e comentalas na clase.

18. Analizouse a cualificación do alumnado e valoráronse as porcentaxes de alumnado que superou e non superou a materia.
Metodoloxía empregada
2. O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación, cualificación e puntuación establecidos.
3. As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles.
8. O profesorado procurou manterse actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da súa materia como no ámbito das novas tecnoloxías.
13. Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
7. Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica.
Medidas de atención á diversidade
4. Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais, como de procedencia.
5. Logo de realizarse a avaliación inicial e de recibir a información transmitida polo Departamento de Orientación, mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso.
6. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
14. Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidores/as, ACS, reforzos.
15. Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro: atención domiciliaria, hospitalización etc., a través da aula virtual ou doutras comunicacións telemáticas.
Clima de traballo na aula
1. Propiciouse un ambiente motivador na aula.
16. Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
19. Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos (EDLG, Biblioteca, Club de Ciencia etc.).
20. Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.

Descrición:

O profesorado debe ter ferramentas e empregar procedementos útiles para avaliar o proceso do ensino e a súa práctica docente, e así, tal e como indica a normativa vixente, avaliar, a través duns indicadores de logro, "tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente".

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) e/ou o Departamento de Lingua Galega e Literatura. Alén diso, tivéronse en conta as propostas de mellora existentes na memoria do curso anterior.

A estrutura da PD inclúe os apartados que recolle a Resolución do 26 de maio de 2022 que se expresan a seguir:

-Introdución.

-Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias.

- Relación de unidades didácticas coa súa secuencia e temporalización, e que conteñen a parte do currículo da materia que se traballou e a relación dos instrumentos de avaliación.
 - Metodoloxía, coas concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos.
 - A avaliación, que refire o procedemento para a avaliación inicial, os criterios de cualificación coa indicación do mínimo de consecución para superar a materia.
 - Medidas de atención á diversidade.
 - A concreción dos elementos transversais.
 - As actividades complementarias.
 - A práctica docente, que inclúe o procedemento para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro e o procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da propia programación didáctica.
- En previsión de calquera circunstancia imprevista, tipo COVID ou outras, achegaríase unha addenda coas correspondentes modificacións, basicamente en canto a modificación da metodoloxía e dos indicadores de logro mínimos por se fose necesaria unha atención virtual do alumnado.
- Rematado o curso, para proceder a unha avaliación, revisión e propostas de mellora da PD, débense considerar os seguintes apartados:
- A programación entregouse no prazo establecido normativamente.
 - O desenvolvemento da programación didáctica foi analizado e revisado na última reunión de departamento de cada trimestre.
 - Valorouse o grao de cumprimento da secuenciación e temporalización das respectivas unidades didácticas, e se o seu deseño se axustou aos distintos elementos do currículo.
 - Valorouse a metodoloxía seguida e se os materiais e recursos didácticos empregados deron os resultados previstos.
 - En canto á avaliación, analizouse se o deseño das probas de avaliación inicial e os mecanismos para a súa realización foron os adecuados.
 - Así mesmo, valorouse se os criterios de avaliación, tanto os establecidos para as distintas recuperacións de probas ou avaliacións como os seguidos para a avaliación final foron os axeitados.
 - Revisáronse as medidas adoptadas a respecto do alumnado NEAE presente nas aulas.
 - Valorouse a pertinencia dos distintos elementos transversais e o grao de cumprimento e participación en actividades complementarias.
 - Analizouse se os mecanismos de información ás familias estaban dando os resultados previstos e se foron útiles e axeitados.
 - Incluíuse a avaliación da práctica docente e da propia PD.
 - Para a elaboración da programación didáctica partiuse do seguimento das directrices establecidas pola Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP) e/ou o Departamento de Lingua e Literatura Galega. Tamén se tiveron en conta en conta as propostas existentes na memoria do curso anterior.
- Para levar a cabo esta análise e comprobación da adecuada aplicación da PD, elaboráronse os seguintes indicadores de logro, que deberán ir acompañados das correspondentes puntuacións nunha táboa de 1 a 5.
1. Consegue acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
 2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
 3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
 4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
 5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
 6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
 7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os protocolos de actuación correspondentes).
 8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
 9. A materia contribuíu aos distintos plans do centro: PLC, Plan lector, TIC, Convivencia....
 10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.
 11. Avaliouse o cumprimento da PD aplicando unha escala de 1 a 5 .
 12. Establecéronse propostas para emendar as deficiencias observadas na aplicación da PD.
 13. Estas propostas foron incluídas na memoria final do departamento.

Na acta da última reunión do departamento recolleranse todas as modificacións ou adaptacións feitas ao longo do curso e as propostas de mellora suxeridas. Todos estes datos incluíranse, ademais, na memoria final do departamento para seren tidas en conta na PD do próximo curso; tamén serán transmitidas e expostas, se for o caso, na primeira reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

Por último, convén sinalar que todos os membros do departamento didáctico realizarán a necesaria actualización para poderen elaborar e facer o correspondente seguimento da PD a través da aplicación PROENS.

9. Outros apartados